


# Unha amarga victoria

**Narrativa** Perdedores, noctámbulos e adictos ao amor crúzanse na última novela de Xosé Carlos Caneiro



se ignorado polo sistema, mesmo maltratado, recompensado apenas polo entusiasmo dun bo número de devotísimos seguidores que agradecen e aplauden a rabiar os seus cada vez máis voluminosos libros.

Caneiro ía para clásico en vida, mais polo de agora queda en autor de culto, que non é pouco. Exerce de *outsider* e polemiza cos seus colegas de profesión, nomeadamente Santiago Jaureguizar –“un redactor de escasa lucidez e ínfimo talento”, dixo del no seu blog–, mais tamén Manuel Rivas e Suso de Toro. Porén é moi xeneroso co xornal onde escribe, tanto na nosa lingua como nesa que din “común”, até dicir con infinita desmesura que “non hai ningunha institución, persoa ou grupo político que faga unha defensa máis tenaz deste país e dos seus intereses que *La Voz de Galicia*”. Aí asoma o Caneiro fiel, amigo dos seus amigos, afectuoso e cordial. O escritor bohemio e amante dos boleros, música esa que García Márquez colocou no límite que separa o sublime e o ridículo. Esa condición fronteiriza, que o Nobel colombiano aplicaba tamén a *Cien años de soledad*, valería, salvando as distancias, oceánicas neste caso, para cualificar a escrita de Xosé Carlos Caneiro, e en particular a súa obra máis recente,

*A vida nova de Madame Bovary*, pois toda ela fica nalgún punto intermedio do camiño que leva da xenialidade ao desastre, e na práctica situala nun ou noutro extremo depende tan só do grao de ‘caneirofilia’ do lector, que adorará o seu desatado lirismo ou escachará de risa ante tanto melindre pretencioso.

Nas primeiras páxinas de *A vida nova de Madame Bovary*, a protagonista, Hermelinda, foxe dunha vida triste e gris, sen paixón, xunto a un home que a engana e cun título de doutora en Literatura Comparada pendurado da parede. É “unha idiota que pasou vinte anos postrada aos pés do seu marido”, sempre á espera de que “alguén escribise para ela un poema de amor”, frases estas que parecen sacadas dunha novela de Danielle Steel. Hermelinda coñece a Arístide Rocamora, “vendedor de alfombras e enciclopedias”, buscador tamén de seres na procura dun compás que os guíe e que acaban confluindo na pensión O Gatopardo, da que é patroa Aurorita, unha prostituta retirada con “clase” e “cultura”.

Perdedores, noctámbulos e adictos ao amor crúzanse ao longo das setecentas páxinas dunha novela chea de referencias literarias que é Caneiro en estado puro, cunha prosa coidada que parece exixir máis



Xosé Carlos Caneiro. // Galaxia

un recitado que unha lectura, e desta volta quizais cun maior pouso de humor e optimismo. Unha nova demostración da coherencia estilística dun autor de quen non podemos negar que escribe moi ben iso que el quere escribir, e que no seu rexistro é imbatíbel: ninguén vai

facer nunca de Caneiro mellor que Caneiro, igual que lle pasaba a Umbral, poñamos por caso. Que cada un decida logo se esta *Vida nova* é unha obra mestra ou un delirio romántico; eu, se lles hei de ser sincero, atópome entre estes últimos. // **Martin Pawley**